



nº2 - marzo 2020

XORNAL DO ENSINO GALEGO

A HERDANZA DE FEIJÓO

dez anos de desfeita no ensino

XE. Xornal do Ensino Galego

Número 2 - Febreiro de 2020

Edita: CIG-Ensino
Santiago de Compostela

Coordinación: Executiva Federal,
Comunicación CIG-Ensino

Deseño, maqueta e impresión:
Sacauntos Cooperativa Gráfica
www.sacauntos.com

Fotografía de capa:
Alberte Peiteável

Fondo fotográfico:
Alberte Peiteável
Arquivo da CIG Ensino

Depósito Legal: C 1566-2019
ISSN: 2695-2874

Tiraxe: 10.000 exemplares

Peche de edición:
2 de marzo de 2020

SUMARIO

03 — Editorial

- 04 — Non hai marcha atrás até
recuperarmos o noso horario lectivo
- 06 — O que demandamos do novo goberno
no Estado
- 09 — Non é País para novas ensinantes
- 10 — Oposicións 2020: o fume electoral
non crea emprego
- 11 — O persoal interino ante a encrucillada
da xustiza e a política
- 12 — Dez anos contra o galego por decreto
- 14 — «Ningún decreto acabará coa nosa lingua»
- 16 — Conclusións das Xornadas
- 19 — Vinte coa lingua
- 20 — Que facer coa atención á diversidade?
- 23 — O privado no público. Contratos
programa fronte a cadros de persoal

OPINIÓN

- 08 — MIR educativo: políticas neoliberais
versus perspectivas críticas
Xosé Armas
- 18 — Portugués no sistema educativo galego:
Muito traballo feito e muito por fazer
Xurxo F. Carballido
- 22 — A des-atención á diversidade
Divina Núñez
- 24 — Nós ao noso.
Xosé Soto
- 26 — Rede Educativa de Apoio LGTB de Galiza
Leonor Gala Torres

APUNTAMENTOS DA AS-PG

- 25 — Alfabetización emocional na escola
do século XXI.
Xesús Fortes


AOS OLLOS DE...

- 30 — Cinema e ensino: as TIC como veleno
mortal da pedagogía audiovisual
Manolo González

EXPERIENCIAS EDUCATIVAS

- 28 — Proxecto XeoClip
Rocío Romar, Xacobo de Toro, Alberto
Fortes, Adela Otero e Fernanda Moltó




 presidente da Xunta decidiu gravar o saúdo de fin de ano emitido por esa TVG que ten amordazada nunha aula dun IES. Foi tan só un escenario, como podería ser un centro de día ou unha consulta médica, aínda que seguramente o seu gabinete desaconsellou isto despois do conflito polo peche da sala de partos de Verín.

A imaxe dicíao todo. A aula estaba baleira. Sen profesorado farto de recortes, saturado de horas lectivas, de burocracia e coa prohibición de impartir docencia en galego ou facer desdobres. Non había tampouco alumnado. Era unha escenografía neutra, morta, plana; case como unha representación da Xunta, que deixa atrás unha década sen acadar ningunha nova competencia nin reforzar as que xa ten, preocupada exclusivamente en desmantelar o pouco de bo que atopou e en ensombrecer a escasa capacidade de autogoberno

Así o fixo co decreto que garantía unha presenza mínima do 50% do noso idioma nas aulas e así deixa a situación neste 2020: cunha desconexión preocupante das crianzas e mocidade galega co idioma propio, cunha cuarta parte dela incapaz de falar en galego. Tamén cos nosos dereitos como docentes: desde as retribucións que perdemos entre o 2013 e o 2016, cunha media superior aos 6.000€ á redución que aínda nos debe e coa perda de máis de 1.200 postos de traballo pola aplicación do aumento de horario lectivo de 18 a 20 períodos lectivos en secundaria e de 25 a 21 en primaria.

Como nun preludeo do peche en falso dunha (nova) lexislatura perdida para o ensino público galego e en galego, Feijóo adiantou as eleccións para o 5 de abril. Non sabemos o que depararán as urnas; se a xestión de toda a desfeita e os recortes do PP seguirá nas mesmas mans ou se outro novo goberno cargará coa irresponsabilidade e desprezo cara o profesorado demostrada polo presidente en funcións. Mais é obvio que o escenario xa non debe ser aquela aula baleira. Temos que enchela. Na posta en escena debe entrar o profesorado galego que terá que examinar as candidaturas á presidencia da Xunta. Desde a perspectiva dun sindicato nacionalista, de clase e implicado como ninguén na defensa do ensino público como é a CIG-Ensino, hai elementos centrais para ocupar o lugar daquela aula baleira que nos deixa Feijóo. A mellora das condicións de traballo do profesorado, un alumnado que precisa unha mellor atención á diversidade, unhas aulas con ratios máis reducidas, a necesaria participación democrática no goberno dos centros, a recuperación do que no foi roubado ou o futuro da nosa lingua teñen que ter un papel central. A nosa propia capacidade para gobernarnos e para decidir que educación queremos debe ser a referencia. E aí temos todo por recuperar: a reválida ten data. É o 5A. Poñamos nota ●

UNHA AULA BALEIRA

despide a lexislatura



Suso Bermello

Secretario nacional da CIG Ensino



Nunca nos regalaron nada. Todo o contrario; como docentes padecemos na última década todo un ataque programado desde o poder político, económico e mediático para restrinxir os nosos dereitos mais tamén para convencer nos de que o noso sacrificio estaba fundamentado na estabilidade laboral que implica sermos empregados e empregadas do sector público, esquecendo de paso que unha parte importante do profesorado é interino ou substituto e non ten ningún tipo de estabilidade no seu posto de traballo ou que nestes últimos anos aumentaron os docentes con contrato de media xornada.

Mais a idea que se lanzou á sociedade era clara: o funcionariado é unha casta privilexiada e como tal debe soportar nas súas costas os efectos dunha crise, por moito que esta fora causada polos bancos e a especulación financeira. A dereita estigmatizounos, mais o peor é que unha parte da sociedade e do propio profesorado comprou esa mentira e asumíuna. Levantar esa farsa custa traballo. A ese fin levamos tempo dedicadas na CIG-Ensino. Promovendo campañas de información e mobilización que consigam que calle entre todas e todos nós a necesidade de dicir que abonda xa, que xa está ben, que temos que recuperar os nosos dereitos, porque iso é o que nos arrebataron: dereitos, non privilexios.

NON HAI MARCHA ATRÁS

até recuperarmos o noso horario lectivo

UN LONGO PERCORRIDO CENTRADO NA MOBILIZACIÓN

O traballo foi incesante desde o inicio dos recortes mais cobrou un novo impulso nestes últimos anos cunha exitosa recollida de sinaturas entre o profesorado no ano 2018, con concentracións de delegadas e delegados da CIG e con numerosas asembleas en todos os centros do país.

A modificación legislativa promovida polo goberno do PSOE, derogando a imposición dun horario mínimo en todo o Estado de 20 (secundaria) e 25 horas lectivas (primaria) abriu a porta a que un dos nosos dereitos arrebutados puidese ser recuperado. Máis batemos de novo co desprezo, a chulería e a maioría de ferro do PP á fronte da Xunta: non se negocia. →





A UNIDADE SINDICAL, COMO UN MEDIO, MALIA TODO

Na CIG-Ensino tiñamos claro que nesa loita debiamos implicar tamén ao resto das organizacións sindicais. A situación non era doada, logo da ruptura sindical provocada pola farsa da negociación da suba salarial docente do 2018 ou tras os acordos de “concertación social” cos mesmos protagonistas tanto co PP galego como co estatal.

Malia iso desde o sindicato definimos con claridade que debiamos afrontar a contradición de camiñar da man con organizacións sindicais que tantas veces nos teñen defraudado: a unidade sindical como medio para conseguir o propósito de recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas en secundaria e primaria foi a folga de ruta trazada no Consello Federal da CIG-Ensino en xuño de 2019 e nela nos reafirmamos a día de hoxe.

A Consellaría fixo o posíbel desde o primeiro momento por buscar fendas nesa unidade de acción. Para a CIG-Ensino esa ruptura só pode chegar se algunha organización se descolga da mobilización e nós imos facer o posíbel para que iso non se produza.

TEMOS QUE SEGUIR ADIANTE

Unha intensa campaña que levou á CIG-Ensino a todos os centros e a un peche na Consellaría para que a titular dese a cara diante da representación do profesorado foron a antesala de concentracións nas principais cidades e dunha folga xeral no ensino público que, cun seguimento desigual, foi maioritaria entre o profesorado, demostrando que a maior parte do profesorado ten conciencia da situación que atravesamos e da imperiosa necesidade de recuperar os nosos dereitos, comezando pola recuperación do noso horario.

Porén a mobilización non fixo mudar á Consellaría que mantén a negativa a negociar a devolución do noso horario. O PP cérrase en banda e, obediamente, os cargos da Consellaría pretenden facernos crer que non pasou nada o 12 de decembro.

*non nos podemos render
temos que reforzar
as mobilizacións
e a acción sindical*

Por iso non podemos baixar os brazos. Non nos podemos render. A CIG-Ensino trasladou aos demais sindicatos, logo dun debate interno previo, a proposta de reforzar as mobilizacións, incrementando a acción sindical nos centros e sendo receptivos a aspectos que o propio profesorado nos demandou na campaña previa á folga.

PARA MELLORAR OS NÓSOS CENTROS

Recuperar o noso horario lectivo non é só a lexítima loita por mellorar as nosas condicións de traballo, aínda que sería unha razón suficiente por si soa. O traballo na aula non é o noso único traballo; nós como docentes sabémolo de sobra mais ás veces hai quen o quere esquecer, e lamentabelmente tamén a Xunta. Detrás do que se ve hai horas e horas de traballo, e para unha parte moi maioritaria do profesorado, moitas máis das 37,5 horas semanais polas que cobramos o noso salario.

Precisamos traballar en mellores condicións, rebaixando as horas de docencia directa aos límites anteriores aos recortes. Precisamos máis tempo para coordinación pedagóxica e o traballo burocrático, máxime nun momento nos que se incrementan os programas e proxectos por parte da Consellaría.

Necesitamos unha mellor distribución da nosa xornada laboral e unha mellora xeral da atención educativa. Con desdobres e reforzos educativos, con redución de ratios que permita que o noso traballo na aula se preste en mellores condicións e permita unha mellor atención á diversidade.

A decisión da Inspección Educativa de reducir as gardas nos CEIP a un máximo de 2, elevando a 25 períodos lectivos ás mestras e mestres de PT e AL naqueles centros nos que aínda non se cumprían, implica afondar no empeoramento das nosas condicións laborais, sobrecargándonos aínda máis de tarefas lectivas.

Non temos que pedir desculpas a ninguén por demandar o que nos corresponde. Non imos traballar menos se conseguimos rebaixar o tempo nas aulas; imos traballar mellor. E facelo vai repercutir na mellora dos nosos centros, do noso alumnado.

GAÑAR TEMPO É GAÑAR DEREITOS

O tempo que non podemos perder é o da mobilización. Non nos vai vir nada dado. Avancemos na presión, involucrémonos nas mobilizacións programadas pola CIG-Ensino e as demais organizacións sindicais, sexamos partícipes da loita dos nosos dereitos. Só podemos gañar se nos unimos e incrementamos a mobilización: gañar tempo para traballar mellor é gañar os dereitos que nunca nos deberon arrebatarse. ●



◉ QUE DEMAN DAMOS

do novo goberno no Estado

N unha carta remitida á ministra de Educación a CIG-Ensino vén de colocar enriba da mesa, novamente, as demandas que desde o sindicato maioritario en Galiza lle trasladamos para esta nova etapa iniciada co goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos. Fixémolo retomando a que foi a nosa posición no debate do Anteproxecto de Lei que o anterior equipo ministerial levou á Mesa Sectorial do Estado e ao Consello Escolar do Estado, sempre partindo da defensa do ensino público, do seu profesorado e dun desenvolvemento pleno das competencias en materia educativa para Galiza no marco dunha concepción plurinacional, pluricultural e plurilingüística do Estado.

UNHA NOVA LEI DE MÍNIMOS

Así, defendemos a necesidade de derrogar por completo a LOMCE e non limitarnos a un cambio de algúns dos seus apartados. Partir da lei Celáa pode ser unha medida temporal sempre e cando se acurten os prazos de implantación e se acometa canto antes a negociación integral dunha nova lei marco que en base a uns mínimos permita desenvolver a nosa propia lei de educación no marco da defensa dun ensino público de calidade, da nosa lingua e das nosas competencias exclusivas. Non podemos perder o tempo permitindo que a LOMCE siga inalterábel mais tampouco podemos renunciar a un cambio integral da Lei que responda ás demandas da inmensa maioría da comunidade educativa e do profesorado en particular. Nesa concepción plural ten que figurar o respecto á Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias asinada polo Estado e cuxo incumprimento vén de denunciar o Consello de Europa, tras a constatación da emerxencia lingüística en Galiza.

O ENSINO PÚBLICO COMO REFERENTE

Esos mínimos deben fixar un marco que faga pivotar o sistema educativo na rede pública, cunha aposta clara pola gratuidade total do ensino público, tanto de materiais como de servizos complementarios. Debe apostar pola redución das ratios en todas as etapas educativas, polo carácter obrigatorio do 2º ciclo de EI e por unha oferta pública ampla e gratuíta do ciclo 0-3, así como por unha Formación Profesional dignificada na que a FP Dual, cando menos na súa concepción actual, non sexa a referencia.

O novo goberno ten que decidir se o sistema educativo vai seguir sendo unha dobre vía asentada no financiamento de centros privados para prestar servizos que se poderían ofrecer no sistema público ou se defende unha única rede pública na que o ensino concertado teña un carácter subsidiario e complementario para garantir a escolarización obrigatoria gratuíta cando a rede pública non sexa capaz de facelo, promovendo a extensión desta rede cara á eliminación progresiva dos concertos. A eliminación dos concertos debe ser inmediata no caso dos centros que segreguen o seu alumnado por calquera motivo: sexo, raza, opinión, nivel educativo ou renda económica. →



O PROFESORADO NO CENTRO DE ATENCIÓN E DECISIÓN

As condicións de traballo do profesorado e a súa carreira profesional, desde o ingreso á xubilación, deben ser elementos centrais da reforma educativa e non se pode facer de costas ao persoal docente como en moitas ocasións ten acontecido. Tamén neste ámbito terá ocasión o novo goberno de demostrar se é respectuoso co marco competencial e de negociación sindical, promovendo un marco legal básico que non limite o lexítimo dereito a que a Mesa Sectorial Galega sexa o centro de negociación para regular as condicións de traballo do profesorado galego.

Nese marco básico deben figurar aspectos que a día de hoxe son eivas importantes na nosa carreira profesional. Así, desde a CIG-Ensino entendemos que deben ser obxecto de negociación:

- Definición por lei dun cadro de enfermidades profesionais do profesorado.
- Regulación do dereito do profesorado maior de 55 anos a reducir o seu horario lectivo sen redución salarial.
- Arbitrar a posibilidade de que o profesorado, por motivos de saúde, poida realizar unha xornada laboral que, total ou parcialmente, non implique docencia directa.
- Facilitar a formación do profesorado en horario lectivo.
- Dereito a ter, como mínimo, unha licenza retribuída anual de formación durante a carreira docente de todo o profesorado.
- A posíbel valoración da función docente non debe ter repercusión na mobilidade, na carreira docente ou na participación en actividades de formación.
- A mobilidade no concurso de traslados debe poder facerse cada ano, sen ter que permanecer dous anos no destino definitivo.
- A redución da meritocracia no concurso de traslados.
- Camiñar cara ao corpo único de ensinantes, coas mesmas condicións de acceso e de desempeño do traballo, tanto en horario como en salario, co horizonte dun nivel 26 común. Mentres se manteñan os diferentes corpos deben respectarse as atribucións docentes que teñen asignadas, evitando que a administración poida usar ao seu antollo o profesorado dun corpo para impartir docencia en materias ou niveis propios doutros corpos. En todo caso, naqueles casos nos que docentes de diferentes corpos realicen as mesmas funcións, deben aplicarse complementos compensadores para garantir que a igual traballo corresponda o mesmo salario:
 - Garantir que todo o profesorado do corpo de mestres que traballe en ESO cobre o complemento do nivel 24, incluído o de PT ou AL.
 - Pago dun complemento compensador para o profesorado do corpo de PTFP para acadar as mesmas retribucións que o PES, inferiores ao salario básico e os trienios.
 - Pago dun complemento compensador para o profesorado do nivel 24 que imparte docencia en CMUS Superiores.
- Regulamentación, en virtude de lei, dun sistema de acceso diferenciado á función pública docente, coa convocatoria simultánea de procesos selectivos que diferencien a renovación de efectivos e a consolidación de postos de traballo estruturais ocupados por persoal interino.
- Garantir o carácter indefinido da xubilación anticipada aos 60 anos para todo o profesorado, tamén para quen accedeu despois de xaneiro de 2011 ●



MIR EDUCATIVO

políticas neoliberais versus perspectivas críticas

AS MELLORAS QUE SI SON NECESARIAS

As achegas da investigación e a innovación educativas apuntan as direccións para mellorar a formación do profesorado: coherencia e rigor científico da formación académica; estreitamento das relacións e proxecto compartido entre institucións formadoras e centros educativos; creación de “espazos híbridos” de coñecemento e colaboración entre investigadores, formadores e profesores en activo, vinculación coas comunidades nas que se vai desenvolver a docencia e, finalmente, avaliación e acreditación das institucións e dos programas formativos. Sobre estas preocupacións fundamentais o chamado MIR educativo apenas fai algunha achega relevante. ●

As correntes do pensamento crítico insisten en que a educación é unha dimensión das sociedades estreitamente relacionada coa economía, a estrutura social, a cultura e o poder. Neste sentido, as reformas das últimas décadas –que afectan á estrutura dos sistemas educativos, aos currículos ou á formación do profesorado– poden entenderse como intentos de acomodación da educación ás demandas dos sectores neoliberais no contexto do capitalismo tardío (Apple, Giroux, Habermas, Zeichner). Desde esta perspectiva crítica queremos facer algunhas precisións sobre un aspecto que se situou no primeiro plano da axenda educativa en España: o chamado MIR educativo.

A idea dun modelo de formación do profesorado inspirado no MIR sanitario aparece no panorama educativo español no ano 2009 da man de Francisco López Rupérez e Eugenio Nasarre, políticos vinculados á Fundación FAES e ao Partido Popular. A iniciativa chegaba precedida dun diagnóstico catastrófico sobre a calidade docente: non se selecciona os mellores candidatos, non se lles proporciona a formación adecuada e, sobre todo, a baixa calidade da docencia é a responsable dos malos resultados académicos do alumnado. Unhas críticas á educación pública fabricadas para xustificar os cambios na dirección neoconservadora.

A solución que se ofrece preséntase como unha “tarefa nacional” que ocuparía 3 anos de formación posteriores á titulación de grao. Unha “proba nacional homoxénea” para todo o Estado seleccionaría os mellores candidatos –segundo as necesidades do mercado educativo– para a realización dun curso de un ano nun “Centro Superior de Formación” e un período de dous anos de docencia en centros educativos titorizada por profesorado experto. A proposta foi adoptada con entusiasmo polos responsables do Partido Popular e de Ciudadanos como solución aos males da educación, mentres outras formacións políticas, sindicatos e profesionais da educación –incluídas as facultades nas que se forma o profesorado– mostraron as súas reservas ou rexeitamento.

Sen negar a necesidade de mellorar a formación do profesorado, e mesmo aceptando que o MIR proposto toma algunhas ideas da iniciativa da Teacher Residence norteamericana, pretende orientar a formación do profesorado cara a obxectivos neoconservadores: axuste da educación ao mercado; cultura do esforzo e do mérito individual; recentralización educativa, fronte aos valores de equidade, respecto á diversidade, traballo cooperativo ou promoción da cidadanía que inspiran a educación pública nas sociedades democráticas. ●

Xosé Armas Castro

Profesor de Didáctica das Ciencias Sociais na USC





non é PAÍS para novas ENSINANTES

Ao igual que con outros temas do sistema educativo galego a Consellaría de Educación tamén mira para outro lado en canto á idade media do profesorado galego. Unha idade media que, tal e como se constata na gráfica axunta faría máis que necesaria unha intervención directa por parte dunha administración que medio se preocupara por un sistema educativo actualizado.


Menos do 35% de efectivos en primaria e infantil e menos do 16% en secundaria e formación profesional son menores de 39 anos, segundo datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Calquera mínima análise destas cifras daría pé á necesidade dunha negociación seria sobre a renovación do profesorado galego, que pasa por deseñar un novo sistema de acceso que teña en conta a situación do profesorado interino, así como pola mellora da formación inicial de quen acceda á docencia.

Unha administración minimamente responsábel tamén tería en conta os datos da táboa que acompañamos en canto ao número de compañeiras e compañeiros que se poden xubilar nos próximos anos, 8.259 antes do final da década. Os tempos son chegados para incluír de forma real a redución horaria para os maiores de 55 anos que reflicte a LOE e que a LOMCE non tocou pero que a administración galega ignora.

En definitiva desde a CIG Ensino entendemos que vistos os datos, que son sesgados porque a Consellaría négase a facilitarnos as cifras completas ano tras ano na Mesa sectorial, chegou o momento de comezar a formular o relevo do profesorado actual e isto non se pode facer sen un estudo serio da idade do profesorado galego. Unha vez feito esta revisión cómpre sentarse e analizar que medidas tomar, que seguramente coincidan en boa medida coas demandas históricas que mantén esta central sindical en materia laboral. A Consellaría e, nalgúns temas o Ministerio, teñen que sentarse a falar de formación inicial, dun novo sistema de acceso que recolla a situación do persoal interino e substituto, de ofertas de emprego sen taxas de reposición, que permitan diminuír as ratios, recuperar os empregos perdidos durante a crise e tomar o relevo das compañeiras e compañeiros que se xubilen ou accedan, agardemos que dunha vez por todas, á redución horaria para maiores de 55. Como resto de avances acadados, todo isto non se logrará se non loitamos pola súa consecución. A mellora do sistema educativo galego está nas nosas mans, na nosa capacidade de loita e a da CIG-Ensino está máis activa ca nunca ●

IDADE DO PROFESORADO GALEGO

corpo de mestres:



corpos de secundaria:




● Menor de 30 anos ● De 30 a 39 anos ● De 40 a 49 anos ● De 50 a 59 anos ● De 60 anos e mais

Fonte: Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Curso 2016/17



OPOSICIÓN 2020

o fume electoral
non crea emprego

 anuncio de auto bombo realizado de forma inédita este ano polo propio presidente Feijóo de que se convocarán 3.654 prazas de 88 especialidades nas oposicións, como quen anuncia a apocalipse, non representa ningún xiro na política de recortes do PP en materia de persoal nesta última década. Con esta oferta de emprego non se creará ningún posto de traballo a maiores, mais ao contrario os Orzamentos Xerais da Xunta computan 45 efectivos menos en Secundaria con respecto a 2019. Á cifra total, xa inflada como en anos anteriores polas prazas de promoción interna, que suman 318 e que apenas se cubrirán como vén sendo habitual en convocatorias anteriores, hai que restarlle outras 1.300 de acceso a cátedras que simplemente van servir para que profesorado con nivel 24 vexa incrementada a súa remuneración. Así pois, o dato real de prazas libres a convocar son só 2.036, unha cifra que non serve para paliar o déficit de persoal que arrastra o ensino

*a Consellaría debe
cumprir a legalidade do
concurso-oposición*

público galego desde o inicio dos recortes e que simplemente permitirá mudar contratos temporais de profesorado interino por funcionariado de carreira.

O que racha co *modus operandi* ao que nos tiña acostumados a Consellaría de Educación é o número de especialidades nas que vai haber procedemento selectivo que son 88 e que, segundo un estudo feito pola CIG-Ensino cos datos do CADP para este curso, supón que haberá oposicións en especialidades con menos de dez interinas. Este levantamento do veto ás especialidades minoritarias non é casual. A ninguén se lle escapa que as eleccións galegas e a continuidade de Feijóo están detrás desta decisión e que o persoal docente que está nas listaxes de substitucións destas especialidades está sendo usado para vender fume e boa parte del poderá resultar moi damnificado se non aproba as oposicións. Tendo en conta que a experiencia destes últimos anos é que máis da metade (un 52% o ano pasado) das persoas que aproban as oposicións non traballaran nunca no ensino ou se o fixeron foi menos dun ano, cómpre que a Consellaría acometa cambios nas probas para garantir que se cumpra a legalidade do procedemento, que é un concurso-oposición. Medidas como garantir o anonimato das probas, cando menos da primeira parte da oposición, reducir o número de aspirantes por tribunal, liberar os tribunais do traballo de baremación ou publicar diariamente as cualificacións poderían facilitar que os tribunais non teñan que verse abocados a realizar todas estas tarefas en menos dun mes e reduciríase a tan temida criba que se vén producindo na primeira fase da oposición, o que levou a que en 2019, por exemplo, pouco máis do 16% das aspirantes en secundaria superara a 1ª proba e un 21% no corpo de mestras.

ACCESO DIFERENCIADO

A maiores do que lle compete á Consellaría de Educación, desde a CIG-Ensino volveremos propoñer tanto no Consello Escolar do Estado como na Mesa Sectorial do Ministerio que nesta lexislatura se negocie un cambio no acceso á función pública docente que garanta unha dobre vía. Por un lado, ofertaríanse as prazas estruturais nun sistema que prime até o máximo legal a antigüidade con probas non eliminatorias e por outro as prazas que son produto de xubilacións cun sistema de acceso máis deseñado para aspirantes libres. Sabemos da complexidade dunha reforma legal desta envergadura mais é o propio goberno español quen vén de avanzar unha posíbel reforma no sistema de acceso. Nese debate a posición da CIG-Ensino ficará clara: apostar por un sistema máis xusto e non deixar tirado o persoal que non é responsábel das políticas de recorte acometidas nos últimos anos ●



PERSOAL INTERINO

ante a encrucillada da xustiza e a política

A resolución da situación de abuso dos nomeamentos temporais na contratación do persoal interino semella unha desas series á que a produtora se resiste a poñerlle fin. Mentres que o Tribunal europeo alonga a publicación da decisión prexudicial solicitada por diversos xulgados da Comunidade de Madrid, que mantén en vilo a centos de miles de interinas no Estado español, as conclusións da Avogada Xeral da UE desinflaron as expectativas lanzadas intencionadamente por certos gurús, máis mediáticos que xurídicos, que aproveitaron a desfeita realizada polas administracións públicas nos últimos anos para animar ás persoas afectadas por contratos temporais de longa duración a demandar coa expectativa da acadar a fixeza. Sen afondar na situación do ensino, na que cada ano o persoal interino é nomeado por un curso académico e polo tanto non se considera xuridicamente que desempeña o mesmo posto de traballo aínda que o faga para a mesma administración, o establecemento da fixeza como sanción para as institucións que incorran nestas contratacións quedou descartado nas conclusións da avogada europea, tal e como a asesoría da CIG-EnsinO vaticinara a teor da xurisprudencia existente e dado o cambio de criterio nos últimos tempos das instancias xurídicas europeas a este respecto.

Ao peche desta edición segue sen coñecerse a data na que se fará pública a sentenza do TXUE mais o que se pode aventurar, dado que acostuma existir concordancia entre as conclusións da avogada e o auto posterior, é que se abre a posibilidade de establecer unha sanción económica ás administracións que incorran nestas prácticas pero que a última palabra a terán os distintos xulgados do Estado dependendo do caso concreto. É dicir, que pouca concreción se agarda desde Luxemburgo ao respecto do futuro das temporais con contratos longos coa administración.

a Xunta non pode deixar tirado o persoal interino que contribuíu ao mantemento do sistema educativo

A SOLUCIÓN PASA POLA NEGOCIACIÓN POLÍTICA

Na CIG-EnsinO criticamos duramente a Consellaría por non convocar procedementos selectivos e ao Goberno español pola aplicación da taxa de reposición de forma inaudita no noso sector desde o inicio da crise. A Xunta é a máxima responsábel de que centos de persoas interinas acumulen anos de experiencia soportando as peores condicións laborais en canto a mobilidade e inestabilidade e sempre defendemos que a solución pasa pola negociación política. Apelamos pois á administración galega a que, despois de usar descaradamente este profesorado durante os peores anos da crise, evite mediante un ACORDO DE ESTABILIDADE que se vaia ao paro tras as oposicións que agora volveu convocar, nas que ademais non se garante a fase de concurso nin un acceso diferenciado entre aspirantes libres e persoas con experiencia previa. Poñamos sobre a mesa a realidade deste colectivo, analicemos o seu perfil en canto a idade e antigüidade e sentémonos a negociar unha solución que lle garanta estabilidade se a administración quere ser realmente xusta co seu persoal ●

Aspiración social para o galego ser unha lingua plenamente normal, practicada e ofertada con toda naturalidade nunca contou con respaldo político e legal. Da eliminación polo Tribunal Constitucional da obriga de coñecemento da Lei de Normalización Lingüística en 1986 á recente sentenza do TS sobre a ordenanza do uso do galego en Lugo, o poder xudicial case sempre puxo reparos. No ensino, malia a presión social e os recursos da Mesa e a CIG Ensino conseguir a retirada dos artigos máis escandalosamente antigalegos do decreto de plurilingüismo, o mesmo TSXG que validara plenamente o decreto 124/2007 de uso do galego no ensino optou por manter a prohibición nalgunhas materias e o límite máximo de entre o 50% e o 33%, o que contrasta co ensino total ou moi maioritariamente en catalán permitidos até polo TC. Temos que lembrar que a existencia do galego no ensino, por precaria que sexa, non se pode desligar da decisión no final do franquismo e comezo do actual réxime, non exenta de conflito, das e dos membros da UTEG (actual CIG-Ensino) de dar aulas en galego. Presión social a favor do galego e non cesión amábel dos poderes públicos.

Fronte á omnipresenza do castelán amparado por máis de 500 disposicións legais, as limitacións ao galego impiden atender o mandato legal de promoción da nosa lingua (art. 5 do estatuto), progresividade do seu uso no ensino (art. 13.2 da LNL) e un coñecemento en igualdade co castelán (art.14.3 LNL). Os datos publicados polo Observatorio de dereitos lingüísticos da Mesa pola Normalización son indicativos da "liberdade" para vivirmos en galego: só o 2,7% da programación semanal infantil e xuvenil é en galego e nunha única canle de televisión (4% do total da grella televisiva), só un xornal é impreso na nosa lingua, o dereito ao galego nos seguros só está garantido en menos do 1% das pólizas, as sentenzas en galego non chegan ao 5% e aínda é imposible abrir unha conta bancaria no noso idioma.

por primeira vez na historia, 1 de cada 4 menores de 15 anos non sabe falar galego


O PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN E O DECRETO DO 2007

En 2004 apróbase por unanimidade parlamentar o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega: máis de 400 accións concretas en todos os sectores para, cando menos, igualar a presenza e a oferta pública do galego que nin se achega minimamente aos índices de uso na sociedade. Este documento foi a guía do Decreto 124/2007 e así constaba no seu articulado. Introducía o galego nas etapas de educación infantil; establecía as áreas nas que, cando menos, debía ser vehicular no ensino obrigatorio, correspondéndose coa metade do horario; e no bacharelato un mínimo do 50%. Ademais, a través do proxecto lingüístico de centro podíase planificar, ampliar a oferta e adaptarse para lograr os obxectivos legais de coñecemento oral e escrito. Paralelamente establécense as primeiras liñas de ensino integramente en galego cunha oferta reducida mais con grande demanda, abríndose o camiño á posibilidade de estendelo ao conxunto do ensino galego. Porén, alén da insuficiencia do decreto, nunca se chegou a cumprir malia os requirimentos de entidades sociais como A Mesa ou sindicais como a CIG Ensino.

2010: DECRETO CONTRA O USO DO GALEGO NO ENSINO

Após unha longa campaña de manipulación e en nome dunha liberdade que nin existe nin se permite para o galego, o Partido Popular regresa á Xunta en 2009 e elimina os tímidos avances na aplicación do PXNLG convertendo os prexuízos contra o galego en política lingüística. Derroga o decreto de 2007 e aproba en solitario o actual Decreto 79/2010 mal chamado de plurilingüismo. No ensino infantil o galego deixa de ser lingua de introdución preferente, no obrigatorio fíxase un máximo do 50% de materias a impartir en galego, co obxectivo do 33%, prohibíndose para as Matemáticas, Tecnoloxía, e Física e Química en secundaria. Elimínanse os programas piloto de ensino integral en galego. Tras os recursos da Mesa e a CIG Ensino até o TSXG declarou ilegais varios aspectos centrais do Decreto 79/2010 como a enquisa que permitía vetar o galego ou a posibilidade de a lingua na aula ser diferente á da materia.

A LOMCE incrementou a desvantaxe do galego imposibilitando o máximo de docencia ao dotar no secundario e no bacharelato de maior carga horaria precisamente as materias nas que o uso do galego está prohibido. Permite, ademais, negar ao alumnado o coñecemento da lingua propia do noso país e mesmo financiar con diñeiro público tal disparate pedagóxico cando pais e nais así o solicitaren. →



10 ANOS

contra o galego
por decreto



DATOS DA EMERXENCIA LINGÜÍSTICA

Un estudo da Mesa pola Normalización sinala que o galego só é lingua maioritaria (non única) no 5% das escolas infantís dos núcleos de máis de 50 000 habitantes, mentres só chega ao 50% no 19%. Aínda cinguíndose só á educación infantil é indicativo do retroceso que en conxunto supuxo o decreto contra o galego. Segundo as series de datos sobre coñecemento do galego ofrecidos polo IGE, a poboación entre 5 e 14 anos que se declara incapaz de falar galego incrementouse en case un 6% en 15 anos: do 17,94% en 2003 ao 23,90% de 2018. Curiosamente este índice de descoñecemento só baixa en 2008 (16,36%), co decreto de uso do galego no ensino de 2007. Se contarmos desde 2008 a hoxe o aumento do descoñecemento é do 7,54%. Por primeira vez na historia, 1 de cada 4 menores de 15 anos xa non sabe falar galego.

*o PP na Xunta
converteu prexuízos
en política lingüística*

CONCLUSIÓNS

A emerxencia lingüística é visible e contrastábel cos datos oficiais. A intensa e persistente mobilización social polo galego da última década foi fundamental para que o relator especial da ONU para as minorías nacionais, ou organismos como o Consello de Europa, nos desen a razón en varias ocasións e insten á desaparición inmediata do decreto de plurilingüismo e das políticas contra o galego por antidemocráticas, contrarias aos dereitos humanos e a tratados internacionais que obrigan á Xunta e ao Estado como a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas. Ninguén acredita xa na propaganda oficial que nos pretendeu vender as bondades para o galego do decreto de 2010, mais cómpre insistirmos para que desapareza máis cedo que tarde ●





Con afouta enerxía e determinación para revertir a situación crítica do galego no ensino e do ensino en galego. Así concluíron as I Xornadas de debate e reflexión organizadas pola CIG-Ensino e a AS-PG na mesma semana en que se cumprían dez anos da histórica manifestación de Queremos Galego no Obradoiro compostelán. Como aquel día, o profesorado asistente, consciente de que foi un activo principal da resistencia contra as políticas lingüicidas do PP na Xunta, quixo vencer o pesimismo e compartiu experiencias normalizadoras postas en marcha nos centros de ensino para intentar loitar contra a falta de competencia e uso do noso idioma por boa parte do noso alumnado.

Inmersión, normalización, mantemento, conflito lingüístico, renovación pedagóxica, formación e sensibilización do profesorado... Foron algúns dos conceptos que enfiaron a participación dos asistentes, que comezou co relatorio da profesora e escritora Pilar García Negro quen afondou amplamente en que consiste a normalización, defendeu o dereito a sermos monolingües e avogou por traballar a ampliación do léxico do alumnado e o coñecemento da cultura do País nas distintas materias a través de textos da nosa literatura. A continuación, a intervención de Pere Mayáns (xefe de Apoios e Recursos Lingüísticos da Consellería de Enseyament da Generalitat) serviu para contrastar cal é a situación actual do catalán no

ensino após anos de políticas lingüísticas que, segundo datos do INE, permitiron incrementar o seu coñecemento e uso por parte da poboación máis nova. O tamén profesor Pere Mayáns situou a elevada taxa de alumnado inmigrante que non ten o catalán como lingua materna, a predominancia do inglés e a ausencia de materiais de ocio e culturais na lingua propia como os principais retos a superar para continuar o proceso de normalización. Así mesmo, destacou a importante vantaxe que ao seu ver ten a vinculación existente entre o galego e o portugués para ampliar os horizontes de intercomprensión que temos con máis de 200 millóns de persoas no mundo.

Pola súa banda, o secretario xeral de Kontseilua, Paul Bilbao, expuxo as luces e sombras do sistema educativo vasco nos últimos anos para camiñar cara á completa normalización do éuscaro. Fixo referencia aos resultados de competencia lingüística do alumnado despois de que no ano 82 se implantara un sistema de separación, cun modelo A no que a lingua vehicular é o castelán e o

*inmersión,
normalización,
mantemento,
conflito lingüístico
son algúns dos
conceptos enfiados
na participación das
xornadas*





NINGÚN DECRETO ACABARÁ COA NOSA LINGUA

*abrir un tempo novo
para normalizar
o galego*

←
éuscaro como materia, un modelo D á inversa e un modelo B malchamado bilingüe (ao 50%) que só existía na antiga EXB porque no Bacharelato ficaba reducido aos modelos A e D. Paul Bilbao lamentou que no ano 93 se ratificara esta política de separación cando xa existía un importante número de profesorado euskaldunizado, grazas ao apoio do goberno vasco, que podería poñer en marcha un sistema de inmersión na lingua propia. Após case 40 anos de separación lingüística Paul Bilbao situou como éxito do sistema educativo o feito de que contribuíu a manter a transmisión xeracional que se produce nas familias e a asociación entre renovación pedagóxica e ensino da lingua éuscara (de feito o modelo D é maioritario en todas as etapas educativas e foi en aumento nos últimos anos en detrimento do A) e como sombras que a inmersión naceu da man de proxectos cooperativos até estenderse nos 80 ao ensino público e a necesidade de mellorar a competencia lingüística do profesorado e a euskaldunización de adultos e de espazos fóra do ámbito educativo.

EXPERIENCIAS PARA A ESPERANZA

Xa pola tarde e despois de que a profesora Mercedes Queixas fixera unha presentación sobre a desfeita que nos deixou a década de goberno de Feijóo e a necesidade de reaxir e abrir un tempo novo para recuperar a normalización do galego nos centros de ensino, coñecemos experiencias de fomento da lingua en distintas etapas e materias que se poden consultar no apartado de Formación da nosa web www.cig-ensino.gal. Desde Matemáticas, da man de Cibrán Arxibai, profesor que desafiou o Decreto de Plurilingüismo e segue impartindo esta materia en galego ao igual que o fan moitos docentes anónimos ao longo do país, até Infantil, por voz de Dolores Oubiña, que gabou o Decreto do ano 2007 que lle permitira poñer en marcha un proxecto de inmersión lingüística na súa aula e que aínda hoxe segue aplicando con éxito. Dela son as palabras coas que encabezamos este artigo xa que rematou a súa intervención dicindo que é importante introducir sempre a compoñente emocional no ensino do galego. “Ningún decreto acabará coa nosa lingua se a reforzamos coa razón e coa emoción dentro e fóra da escola”, indicou.

Tamén se abordou todo o material e recursos existentes para facer das bibliotecas escolares e das actividades complementarias a mellor salvagarda do noso idioma, con Covadonga R. Argüelles, e se falou de aproveitar o Tratamento Integrado das Linguas (TIL) e o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) para a promoción da lingua minorizada, con Sofía Rama, e por último, de como se poden levar a cabo experiencias normalizadoras en contornos con alumnado para o cal o galego ten a mesma condición que unha lingua estranxeira, con Nel Vidal. Todos eles coincidiron na necesidade de implicar a todo o profesorado neste cometido “traballando en tribo” -en palabras da profesora Mercedes Queixas-, para que a normalización deixe de ser responsabilidade unicamente das especialistas de Lingua e de mantérmonos como garantes -frente aos impedimentos normativos da Xunta- de que o galego vai rexurdir desta década escura no ámbito educativo e social ●



CONCLUSIÓN

das primeiras xornadas de debate e reflexión sobre a lingua no ensino

1 En maio deste ano cúmprense dez anos da publicación do decreto do plurilingüismo do PP. Nunca unha norma contra o noso idioma contou con tanta oposición, tal como certifican as numerosas e multitudinarias mobilizacións e o rexeitamento da inmensa maioría da comunidade escolar. O balance destes 10 anos non pode ser máis negro: menos ensino en galego nas aulas, menor competencia lingüística e menor uso polo alumnado e profesorado, prohibición de impartir as materias científico-técnicas no noso idioma e exclusión do galego da Educación Infantil. En definitiva, dez anos de belixerancia e retroceso na utilización do uso do noso idioma. Por iso, mais unha vez, reclamamos a súa inmediata derogación e a posta en marcha dun modelo de normalización lingüística plena no ensino.

2 A observación consciente da nosa realidade sociolingüística -referendada por todos os estudos e datos publicados durante os últimos anos- constata unha ruptura xeracional cada vez máis agudizada co idioma; verifica a perda acelerada de galego-falantes, que hoxe xa son minoría na sociedade galega e confirma o decrecemento considerábel das persoas que usan unicamente o galego. Neste contexto incerto para o futuro da nosa lingua imponse un cambio de rumbo radical na política lingüística da Xunta de Galiza que garanta e facilite a utilización do galego en toda situación, lugar e circunstancia. Unha política que promova e potencie o seu uso e estableza normas prescritivas para que a nosa lingua non sexa nin excluída nin perseguida como lingua propia de Galiza.

3 A "Pax lingüística" promovida polo goberno Feijóo pretende acalar todo tipo de reivindicación ou rebelión ante os permanentes atropelos que sofren os usuarios do noso idioma. A situación de diglosia de Galiza e o proceso de imposición e substitución da lingua allea e dominante -o español- pola propia e dominada -o galego- sempre será conflitiva se procuramos mudar a situación e restaurar para o noso idioma todos os dereitos e usos que lle corresponden ás linguas normalizadas. O noso compromiso coa lingua é necesario e imprescindible. Por iso, temos que ser perseverantes e firmes en exercer os xa cativos dereitos que temos e denunciar toda discriminación e marginación á lingua. Sempre que aflore o conflito lingüístico evidenciárase a persecución ao noso idioma e a carencia de dereitos que lle asiste como lingua propia de Galiza. Só así, intentando exercer como galegos e galegas a tempo completo, estamos certos dun futuro galego e en galego. →





ensino en galego o galego no ensino

XORNADAS de debate e reflexión sobre a lingua no ensino

Sábado, 25 de xaneiro de 2020

IES As Fontiñas. Rúa Estocolmo, 5, 15702. Santiago de Compostela

MAÑÁ

PILAR GARCÍA NEGRO, profesora UDC e escritora

4 Constatouse, mais unha vez, que todas as linguas minorizadas do Estado continúan a ter dificultades para alcanzar a plena normalización. Con todo, os camiños percorridos, a vontade normalizadora e os compromisos dos seus gobernos coa lingua contrapóñense co desprezo do goberno galego co idioma de seu. Cada pobo ten a súa historia, a súa composición social e o seu grao de conciencia nacional que influen na situación e no porvir da súa lingua. Mais, confirmouse como determinante no avance normalizador do éuscaro e do catalán o compromiso dos seus respectivos gobernos, ao ter asumido a súa identidade nacional, cultural e lingüística que contrasta coa práctica asimiladora e españolizadora da Xunta de Galiza. As diferenzas que hoxe comprobamos na vitalidade da aprendizaxe e uso das linguas entre os máis novos e novas nacen directamente das diferenzas nas políticas seguidas en prol dos idiomas propios e nos compromisos para acadar o obxectivo da normalización dos diferentes gobernos.

5 As entidades organizadoras destas xornadas procurarán acadar un compromiso firme e o máis amplo posíbel para esixir un modelo que nos leve á normalización lingüística plena da nosa lingua. Para iso facemos un chamamento ao profesorado galego a superar os límites e prohibicións do actual decreto, e a converter o noso idioma na lingua da docencia e dos centros educativos, dentro e fóra das aulas. Recoñecemos o difícil que é perseverar na defensa activa da lingua, mais tamén sabemos que foi xustamente esta actitude comprometida do profesorado o que permitiu desde sempre suplir a falta de vontade política e superar a cativa lexislación que soporta o noso idioma.



6 De acordo co anterior e partindo da situación actual de emerxencia lingüística consideramos que o noso obxectivo esencial e imprescindible neste momento é que o galego sexa a lingua vehicular única de todo o ensino e, por tanto, que se empregue na docencia de todas as materias e niveis educativos ao tempo que se realiza a galeguización dos currículos. Hoxe, non hai outra alternativa posíbel para restituír o uso da nosa lingua e garantir, non só a súa supervivencia, senón tamén o seu coñecemento e o seu uso por parte das xeracións máis novas. Por iso, continuaremos coa organización destas xornadas como punto de encontro, análise e intercambio de reflexións e experiencias para dar alento a todas e todos os que temos vontade de superar a situación actual e traballar para a normalización plena do noso idioma ●





PORTUGUÊS

Língua, em todo caso, estreitamente ligada ao galego, a sua inteligibilidade dificultou o seu estudo sistemático. Afora dos especialistas, poucos galegos têm estudado português, poucos galegos o dominam, pois podem entender-se com os portugueses empregando a sua própria fala galega. Hai um Instituto de Estudos Portugueses adscrito à Universidade de Santiago de Compostela, e esta conta com um Leitorado de Português na Faculdade de Filologia [...]. As relações literárias e científicas entre Portugal e Galiza, ainda que incrementadas ultimamente, distam de ser todo o estreitas que as coincidências históricas e as actuais entre as estruturas do português e do galego parecem recomendar

— Ricardo Carvalho Calero

no sistema educativo GALEGO muito trabalho feito e muito por fazer

Ao revisarmos este trecho escrito pelo homenageado no Dia das Letras Galegas 2020, Carvalho Calero, em 1984, teríamos que acrescentar muitos dados sobre a presença do português no sistema educativo galego; mas também poderíamos constatar que o brutal retrocesso da língua galega faz com que hoje o galego seja a cada vez menos uma ponte com o mundo lusófono, o que justifica ainda mais a promoção do Português na Galiza.

Contudo, e sem futuríveis, atualmente temos um contexto legislativo e uma sensibilidade geral na sociedade galega face às potencialidades das relações com Portugal e, por extensão, com o mundo lusófono, que deveriam propiciar uma presença maciça da língua portuguesa no sistema educativo galego, porém, a realidade fica aquém das espetativas.

Em 2014 foi aprovada por unanimidade pelo Parlamento Galego a Lei 1/2014, de 24 de março, para o aproveitamento da língua portuguesa e vínculos com a Lusofonia, conhecida como Lei Paz Andrade, e embora houvesse um aumento na oferta educativa do Português na Galiza, especialmente no ensino secundário, a realidade é que um lustro após a sua promulgação, a presença do Português continua a ser muito reduzida.

Por âmbitos de ensino, no contexto universitário os estudos sobre a língua, a cultura, a economia, os intercâmbios científicos e humanos –Erasmus, Iacobus, etc.– estão largamente consolidados nas três universidades galegas, assim como nos Centros de Línguas Modernas, embora no grau em língua e literaturas galegas da USC não seja obrigatório frequentar a disciplina de língua portuguesa.

Nas EOI o português tem presença em todas as escolas, com exceção da EOI de Riba d'Eu, Viveiro e Monforte de Lemos, também não na secção de Verim, apesar de formar parte da Eurocidade Verim-Chaves.

No ensino primário a presença da língua portuguesa é testemunhal, apenas oferecida nalgumas escolas através de programas de colaboração com leitoras do Instituto Camões.

É no secundário, e graças ao esforço e empenhamento de muitos docentes, geralmente de língua e literatura galegas, o português tem aumentado em número de turmas, estudantes e projetos desenvolvidos, pois apenas em 2019 foram convocadas as primeiras quatro vagas de professores especialistas.

Não podemos mais do que ser otimistas, o copo está meio cheio, mas foi à custa do esforço incansável e à pressão permanente de muitos protagonistas anónimos. De nós depende que transborde ●

Xurxo Fernández Carballido

Associação de Docentes de Português na Galiza (DPG)





Como xa avanzamos no primeiro número do XE o Correlingua cumpre 20 anos en 2020. Vinte anos de continuo crecemento, que comezaron cunha carreira pola normalización da nosa lingua e que agora aglutina, a máis das 12 marchas polo País adiante, un concurso para o manifesto, que tamén existe desde o comezo, un concurso de vídeo e un concurso de banda deseñada. Non hai que esquecer o Cantalingua, un certame polo que xa pasaron máis de 300 grupos musicais e onde o alumnado ten a posibilidade de escoller o grupo ou solista que prefire para actuar nas festas finais do Correlingua que se celebran en cada vila ou cidade. Precisamente para estes profesionais da música o Cantalingua supón unha oportunidade de chegar a un público xuvenil e a un circuito de actuacións que doutra forma non sería doado organizar. Pola súa banda estes grupos, que usan a lingua galega nas súas letras, fan un gran traballo de normalización entre a rapazada e de achegamento aos centros educativos.

Vinte anos, vinte manifestos nos que o alumnado galego, partindo do lema escollido en cada edición, participou activa e masivamente en todas estas actividades a prol do uso da nosa lingua, o galego. Nos últimos anos o Correlingua tamén engadiu a todo o anterior o Posadoiro, un concurso nas redes sociais no que se combinan a fotografía e as redes sociais co mesmo obxectivo común, a normalización e dinamización da nosa lingua.

En definitiva, vinte anos que non terían chegado sen a implicación do profesorado e dos centros educativos. Vinte anos que serán corenta pero soñemos que nese cuadraxésimo aniversario o Correlingua sexa xa só unha festa e que teñamos unha lingua totalmente normalizada social e educativamente, a lingua dun país, o noso, Galiza ●

VINTE

coa lingua

*12 marchas,
certames para o
manifesto, vídeo e
banda deseñada;
atividade nas redes
sociais, carreiras e
concertos*





o que facer coa
atención á

DIVERSIDADE?

o Consello Escolar
de Galiza ponlle
deberes á conselleira



Consello Escolar de Galiza aprobou na súa sesión plenaria do 17 de decembro unha serie de propostas de mellora presentadas pola CIG-Ensino como conclusións ao informe realizado polo Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da USC. A aprobación das propostas foi adiante malia o voto en contra da representación da Consellaría, doutros membros vinculados ao PP e da patronal do ensino privado.

A CONSELLARÍA DEBE TOMAR NOTA

O Consello Escolar cumpriu o seu papel, como órgano de debate e participación da comunidade educativa. Agora resta saber se quen dirixe a Consellaría desprezará estas conclusións ou as desenvolverá como propias. A CIG-Ensino manterá vivas e con forza estas demandas e estará vixilante arredor do cumprimento dun mandato maioritario do máximo órgano de participación e asesoramento da Consellaría. ↓

1. INCREMENTO DOS CADROS DE PERSOAL E REDUCCIÓN DO HORARIO LECTIVO

Os cadros de persoal dos centros educativos, tanto no profesorado especialista na atención á diversidade como no que non o é, deben garantir unha correcta atención ao alumnado e o tempo suficiente para a coordinación en horario lectivo, salvando un dos obstáculos que claramente se identifican no Informe 2018-19.

2. PLAN DE ACTUACIÓN PREFERENTE CONTRA O FRACASO ESCOLAR

Un Plan de Actuación Preferente destinado a combater o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperará, garantindo unha adecuada atención á diversidade, apoio e reforzo educativo, atención personalizada e unha escolarización adecuada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, reforzando a titoría e a orientación e apostando por un modelo educativo máis social e igualitario.

Un reforzo da acción tutorial cunha ampliación dos cadros de persoal dos centros educativos para permitir unha mellor atención á diversidade por parte de todo o persoal docente, máis alá por tanto da necesaria dotación de profesorado especialista e orientador.

3. REDE EDUCATIVA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A elaboración dunha Rede Educativa da Atención á Diversidade que actualice e fixe, con vontade de continuidade, unha rede que a día de hoxe está desfasada e obsoleta e que parta dos seguinte criterios:

- Estender os departamentos de orientación a todos os centros de Educación Infantil e Primaria.
- Ampliar a dotación de orientadores e orientadoras nos centros que imparten ESO, Bacharelato e FP con criterios obxectivos e negociados coas organizacións sindicais.
- Reducir ao mínimo a adscrición de centros, limitando as itinerancias tanto de responsábeis de Orientación como de PT e AL.



- Ampliar os Equipos de Orientación Específicos. Co obxectivo de camiñar cara unha distribución comarcal e unha ampliación máis ambiciosa dos EOE crearanse inicialmente un novo EOE na provincia de Pontevedra (sede en Vigo) e dous na provincia da Coruña (Santiago e Ferrol).

4. PROFESORADO DE PT E AL

A atención ao alumnado con necesidades require estabilidade no proceso de ensino-aprendizaxe. Neste sentido, cómpre unha revisión pormenorizada dos postos actualmente ocupados por profesorado de PT e AL nos centros de Infantil e Primaria, e unha ampliación dos cadros de persoal destes centros (EEI, CEP, CEIP, CEE) tendo en conta os seguintes criterios:

- Transformación de todos os postos itinerantes de PT e AL en postos fixos nos centros base.
- Incremento de postos destas especialidades, tanto se se trata dunha segunda ou terceira praza como se é unha primeira en centros nos que non están catalogadas, toda vez que o actual acordo sindical que deu lugar á conformación dos cadros de persoal así o permite.

5. PERSOAL AUXILIAR NON DOCENTE

A negociación coas organizacións sindicais da mellora das actuais RPT de persoal coidador, aumento o seu número e garantindo unha cobertura áxil e inmediata das necesidades puntuais por permisos, baixas, etc..

A incorporación doutras figuras profesionais de persoal non docente aos centros e para as que a día de hoxe mesmo se está subvencionado aos centros concertados: fisioterapeuta, axudante técnico/a educativo/a, traballador/a social, educador/a social...

6. REDUCCIÓN DE RATIOS

A introdución de cambios nas ratios existentes a día de hoxe. É preciso camiñar cara unhas ratios que permitan unha mellor atención ao alumnado en xeral e ao que precisa unha atención específica en particular. Así, debe legislarlle para unha progresiva redución das ratios a 15 alumnos e alumnas en Infantil, 20 en Primaria e 25 na ESO.

Dentro das modificacións normativas sobre as ratios debe terse en conta unha redución no caso de escolarización nunha aula de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo así como de alumnado repetidor.

Por último, debe terse en conta a ratio docente/alumnado, regulando para as especialidades de PT, AL e Orientación unhas ratios xerais de poboación escolarizada nun centro para a dotación destes profesionais, así como o número de alumnado con necesidades de apoio atendido.

7. FORMACIÓN NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A elaboración dun programa de colaboración coas diferentes facultades galegas nas que se imparten os Graos de Infantil e Primaria e os Mestrados de Secundaria para mellorar substancialmente a formación académica dos e das futuros docentes. O resultado debe levar a un mellor coñecemento da realidade que se encontrarán nas aulas e dos recursos que poderán empregar para atender esa diversidade. O Practicum destas titulacións debe ter unha parte especificamente dedicada á diversidade. No desenvolvemento destas accións formativas debe ter un papel central o profesorado de ensino non universitario con experiencia na atención á diversidade.

O desenvolvemento dun Plan Específico de Formación na atención á diversidade con diferentes focos de atención. Por un lado, un centrado no profesorado especialista de PT e AL, fomentando a compartición de experiencias e propostas. Outro centrado no profesorado non especialista que forneza de recursos para a atención á diversidade nunhas aulas cada vez máis heteroxéneas.

A formación debe ser unha obriga para a administración, que debe afrontar a actualización de coñecementos e destrezas do persoal docente como unha necesidade para mellorar o ensino público en xeral e a atención á diversidade en particular. Esa obriga debe estenderse ao profesorado, mais para iso a Consellaría debe promover cambios na normativa que regula a formación, procedendo a regular a participación en cursos, xornadas e outros modelos formativos dentro do horario lectivo, mediante a autorización dun mínimo de horas anuais de formación para todo o profesorado e fomentando as licenzas retribuídas de formación de curso completo ou medio curso con carácter preferente para novas modalidades actualmente relegadas nos plans da Consellaría, como é o caso da atención á diversidade ●



DES- ATEN CIÓN

á diversidade

AS PREGUNTAS QUE REALMENTE
DEBE FACERSE A ADMINISTRACIÓN

*as medidas actuais
e os parches son
claramente
insuficientes*

Xa hai tempo que me asalta a idea de plasmar no papel unha serie de reflexións que con frecuencia fago, unhas veces comigo e outras con compañeiras/os de profesión, sobre a atención á diversidade. Chámame moito a atención o feito de que, tanto o discurso teórico actual como o marco legislativo están empapados de referencias a un termo que transcende a atención á diversidade de forma ambiciosa, o da inclusión educativa. Pero a realidade, a práctica educativa, vai uns cantos pasos por detrás e dista moito de alcanzar esa utópica meta. Comparto que debemos aspirar a ter un sistema educativo e, por extensión, unha sociedade inclusiva pero tamén creo que dificilmente o conseguiremos sen políticas educativas realistas e sen unha aposta firme e decidida por modificar toda a estrutura de base.

Non podemos menosprezar os logros conseguidos en canto a integración da diversidade. A integración educativa supuxo un grande reto que reclamaba modificacións no sistema para facerlle fronte: creación da rede de orientación educativa actual, novas prazas de especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, persoal auxiliar non docente...

Na sociedade actual a diversidade aumentou considerablemente en número e variabilidade. Dentro desa diversidade os casos de alumnado con necesidades de apoio educativo son cada vez máis e máis complexos e concéntranse maioritariamente nos centros públicos. Este novo panorama esíxelle ao sistema educativo respostas acoidas ás casuísticas que, cada vez con máis frecuencia, nos atopamos nas nosas aulas e para os que as medidas actuais e os parches son claramente insuficientes.

Como aspirar á inclusión educativa nun sistema que segue a considerar unha prioridade a avaliación cuantitativa, con probas escritas e cualificacións numéricas que parecen buscar contraditoriamente a homoxeneización da diversidade?

Como pode individualizarse o proceso de ensino-aprendizaxe nun sistema que non contempla reducir ratios, nin aliviar a carga burocrática nin fomentar as coordinacións, nin introducir máis recursos humanos e materiais acordes coa diversidade e as necesidades que agora temos nas aulas?

Como acoller e responder a esa diversidade cunha rede de orientación que non tivo cambios substanciais dende a súa creación?

Como atender as necesidades do alumnado un sistema que non aposta firme e decididamente pola formación de base, continua e permanente?

Acaso este modelo educativo excesivamente academicista, que prioriza o coñecemento científico-matemático e lingüístico, é o mellor para integrar e incluír a diversidade? ●

Divina Núñez

Mestra de Educación Infantil e Pedagogía Terapéutica





○ PRIVADO ○ NO PUBLICO ○

contratos programas
frente a cadros de persoal

Hai políticas de privatización do ensino público que se constrúen con decisións políticas de carácter lexislativo, seguindo os criterios deseñados polas grandes corporacións internacionais. Así se mantiveron os concertos educativos introducidos polo PSOE en 1985 e se blindaron cos centros segregadores vinculados ao Opus Dei e a outras seitas coa LOMCE do PP. E así se introduciu naquela mesma Lei o que poderíamos denominar “doutrina Aguirre”, pola política da ex-presidenta madrileña de licitar a construción e o concerto de novos centros a empresas privadas en vez de construír novos centros públicos. Todas estas son vías externas de privatización: desenvólvense plenamente fóra do sistema público.

A outra vía, máis sutil, ten un carácter interno: vívese nos centros educativos. O control político na selección da dirección é o mellor exemplo, chegando aos postos de libre designación nos CIFP e asentando un sistema piramidal que procura “o liderado das direccións” e neutralizar calquera pulsión de debate e de toma de decisións colexiada na vida dos centros docentes.

*Precisamos equipas
docentes amplas e
non programas
puntuais*

PRIVATIZACIÓN E DISCRIMINACIÓN ENTRE CENTROS

Os contratos programa nacen precisamente dunha concepción de privatización interna, de deterioro do público e de introdución directa de métodos da relación das administracións públicas coas empresas privadas: “licitar” contratos programa aos que se teñen que presentar os centros educativos en “concorrenza competitiva” se queren conseguir fondos económicos ou profesorado para atender necesidades de apoio, reforzo de competencias.. E así incorporamos ao noso vocabulario PROA inicialmente para agora ter ARCO, REFÓRZA-T, IGÚALA-T, CON-VIVE, INCLÚE-T, etc..

O formato é sempre o mesmo. Comeza con fondos finalistas (do Ministerio ou do Fondo Social Europeo). Cando eses fondos rematan, os contrato programa pasan a se incorporar á práctica habitual da administración galega. Todo para afrontar necesidades estruturais do sistema educativo e non problemas puntuais. Atender o fracaso e o abandono escolar, as NEAE, a coeducación ou a convivencia precisa de equipas docentes amplas e consolidadas, de aulas con ratios reducidas e de profesionais que poidan desenvolvan con flexibilidade todo tipo de medidas para afrontar un ensino cada vez máis complexo. Precisamos políticas universais (no curso actual 635 centros teñen subscrito algún contrato programa, cando temos máis de 1.100 centros), e non deseños de programas que non consolidan cadros de persoal senón que incrementan a precariedade con contratos a tempo parcial. ●



NÓS

ao noso

*se callar era disto do
que tiñamos que falar:
da defensa do público,
da coherencia*



ai frío esta mañá. Cando chego á sala do profesorado, a conversa vai do complicado que é atender unha aula masificada, que aquí as matrículas cárgaas o demo...

Colgo o chaquetón mentres me admiro da capacidade para cambiar de tema e comezar a falar con ilusión dun novo proxecto para a horta. Aínda así, os problemas seguen aí.

Seguro que todas e todos nós temos razóns sobradas para a queixa: as ratios elevadas, o incremento dos horarios do profesorado, a combatida LOMCE, o Decreto de plurilingüismo, a carga burocrática... A pesar das inmensas dificultades, penso que a calidade do ensino público é algo do que podemos sentirnos orgullosos e orgullosos. É certo que temos motivos para protestar e tamén a obriga de expresar o noso desacordo. Debemos mobilizarnos na defensa do ensino público, xa que é o único que garante a gratuidade e a equidade social. É preciso defender unha escola galega, coeducativa e laica. Unha escola feminista, tolerante e solidaria. Xa vai tocar o timbre e eu sen facer as fotocopias...

Cando chego á fotocopidora escoito falar sen pudor do papeleo para matricular unha nena nun centro concertado de Compostela. Ao mellor era disto do que tiñamos que falar, da defensa do público, da coherencia. Cada un e cada unha de nós ten forma de defender a cotío e activamente o ensino público.

Xa toca o timbre e recollo as fotocopias. Penso que hoxe imos ter unha conversa de café bastante animada. Pero agora toca entrar na aula.

Nós ao noso ●



Xosé Soto Bello

Mestre de Primaria





As emocións son un compoñente esencial da nosa existencia. Acompañannos en cada momento e, manexadas axeitadamente, inflúen de xeito evidente na calidade de vida. Non podemos desprendernos delas, até o punto de que unha parte do noso cerebro está especializada na súa xestión e, aínda que non sempre sexamos conscientes, achégannos información sobre quen somos, como nos sentimos e que queremos na vida.

A neurociencia pon o foco sobre cuestións relevantes para o noso traballo nas aulas. Por ela sabemos da activación automática das emocións cando algo acontece ao noso arredor, dotándonos de recursos para afrontar tarefas ou buscar o éxito. Do feito de posuírmos unha serie de neuronas especializadas en que poidamos sentir o que senten outras persoas ou que, como consecuencia das relacións que se establecen entre as distintas áreas do cerebro, as aprendizaxes asociadas a emocións positivas adoitan ser duradeiras, mentres que aquelas asociadas a emocións negativas non tenden a perdurar.

Distintas evidencias demostran que o éxito persoal depende en boa medida das habilidades emocionais e non tanto dos resultados académicos. Neste sentido, xa son moitas as voces que alertan de que na sociedade actual o importante non é a acumulación de coñecementos, propia da educación bancaria, senón a xeración de competencias que permitan a xestión apropiada de medios, propiciando a localización e utilización eficiente da información.

Por fortuna, as emocións son educábeis e as habilidades emocionais poden mellorarse, desenvolvendo intervencións sistemáticas e empregando ferramentas que nos permiten aprender a ser e a estar desde a conciencia do que somos e sentimos.

A través da alfabetización emocional traballamos fundamentalmente sobre a conciencia emocional, adquirindo coñecementos sobre as propias emocións e as das demais persoas; e sobre a regulación emocional, promovendo a xestión do estrés, a resistencia ante a frustración, a capacidade para retrasar gratificacións, a habilidade para afrontar situacións de risco ou o desenvolvemento da empatía.

A relación da educación das emocións coa aboraxe da atención á diversidade é evidente e da máxima importancia, máxime cando temos as aulas máis diversas da historia. Agora ben, a alfabetización emocional transcende, sen deixar de incluílo, o ámbito escolar. O primeiro destinatario debería ser, xustamente, o profesorado, que precisa competencias emocionais tanto para o exercicio da profesión como para afrontar o importante papel que xoga no desenvolvemento desas mesmas competencias no alumnado. ●



Xesús Fortes

Catedrático de
Intervención Sociocomunitaria

ALFABETIZACIÓN EMOCIONAL

na escola do século XXI

*o éxito depende
das habilidades
emocionais
e non dos
resultados
académicos*



REDE

educativa de apoio

LGBT

de Galiza

Pasaron máis de 15 anos desde que as leis educativas contemplan, como un dos fins da educación, o de resaltar o pleno desenvolvemento das capacidades afectivas do alumnado, e tamén o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades que permitan superar os comportamentos sexistas. Esta igualdade formal non se aplica na realidade da aula. Un día tras outro lemos, ou escoitamos en primeira persoa relatos de discriminación, de violencia contra o colectivo LGBT, de mofas, incompreensión e negación. O que temos claro as docentes que traballamos arreo neste eido é que de nada serve facer unha lei que na teoría é bondadosa coa diversidade, pero que na práctica non transcende á aula.

Para combater as discriminacións asociadas ao colectivo LGBT, comezan a agromar grupos de apoio para este alumnado. Son referentes neste sentido o IES Politécnico de Vigo, a través do grupo encabezado por Ana Ojea, e o IES As Barxas de Moaña, con Denis Vicente ao fronte, entre outros. Somos xa máis de 70 centros galegos os que contamos con grupos de diversidade. Estas asembleas constitúense co obxectivo de visibilizar, normalizar e protexer o alumnado que se considera parte do colectivo, máis tamén para fomentar un ambiente igualitario en todo o centro, incluíndo a todo o alumnado, profesorado e persoal non docente.

Emporiso, este esforzo individual ou con sorte en pequenos grupos, debía crecer e facerse máis

un ensino integral e empático é a base dunha sociedade desexable

forte. É así, grazas ao traballo de centos de docentes de todo o país, polo que nace o pasado 5 de outubro en Compostela a Rede Educativa de Apoio LGBT de Galicia. Porque cremos que é vital mostrar o noso compromiso coa diversidade e o total rexeitamento á LGBT-fobia, facendo sentir seguro a todo o alumnado. Isto é preciso non só tendo en conta as experiencias vividas nos centros, senón tamén baseándonos en datos estatísticos.

DATOS PARA A PREOCUPACIÓN

Grazas aos datos reflectidos en diversos informes sabemos que visibilizarse como LGBT no entorno educativo multiplica por 3 o risco de sufrir agresións físicas ou verbais, ou que o 80% do alumnado LGBT non saíu do armario por medo ás consecuencias. Ao traspasarmos estes datos xerais a un centro concreto, as porcentaxes non varían. Nunha enquisa feita este decembro no noso IES, máis da metade do alumnado recoñece que sufriu agresións verbais ou físicas por seren ou pareceren do colectivo, e case un 75% é consciente de que recoñecer unha orientación non heterosexual será prexudicial.

Neste curso a nosa folia de ruta marca como obxectivos principais a defensa dos DDHH e o respecto á diversidade, o abandono do odio, a intransixencia, o binarismo, a discriminación e o estigma, así como o enriquecemento polo coñecemento das diferentes formas de ser e de sentir.

Nunha sociedade inclusiva o escenario educativo é imprescindible. O noso labor como educadoras debe constituír un eixo vertebrador para conseguirmos unha igualdade real, desde a aula, aplicable á vida. É por iso que desde a CIG-Ensino apoiamos totalmente a creación da Rede Educativa de Apoio LGBT de Galicia, na que unha vez máis ten que ser o propio profesorado o que se mobilice fronte ás agresións, desta volta LGBT-fóbicas, fronte á coñecida pasividade dunha Consellaría experta despois en atribuírse vitorias que non lle corresponden.

Seguiremos pois este camiño, por un 2020 no que todas as violencias, sen importaren as orixes, fiquen mudas no pasado ●

Leonor Gala Torres Sabín

Profesora de Bioloxía e Xeoloxía





NIN PIN parental

NIN CENSURA

educativa

Os ataques furibundos que desde a extrema dereita de VOX, coa complicidade ou pasividade do PP e Ciudadanos, e determinados grupos ultracatólicos están a realizar contra o ensino público e concretamente contra a liberdade de cátedra do profesorado agudizáronse nos últimos meses con propostas como o chamado “PIN parental” ou o desembarco masivo nos centros de material reaccionario de Hazte Oír. En Galiza a Consellaría de Educación segue sen condenar firmemente esta intromisión censora no labor docente e no desenvolvemento curricular nos centros malia que así llo esiximos desde a CIG-Ensino na Mesa Sectorial e en diversos comunicados.

ENSINO LIBRE, PARTICIPATIVO E DEMOCRÁTICO

Esta inxerencia implica conculcar os dereitos do alumnado a recibir unha educación baseada nos principios democráticos e igualitarios que o profesorado e outros profesionais desenvolven nos centros en aplicación duns currículos oficiais.

Cando un pai ou unha nai pretenden que o seu fillo non sexa escolarizado en galego ou catalán, cando consideran que recibir información sobre identidade sexual ou os diferentes modelos de familia pode “trastornar” a súa filla, están violentando a formación desta. Os seus prexuízos ideolóxicos colócanse por diante dos dereitos do seu fillo. Cando un goberno legisla partindo deses prexuízos e posicionamentos reaccionarios atenta contra unha educación verdadeiramente libre na que se debe fundamentar o noso traballo diario como docentes e o futuro dunha sociedade aberta, plural, crítica e igualitaria.

Coa mesma argumentación que unha familia reaccionaria pon en cuestión que o seu fillo asista a unha charla sobre identidade sexual ou sobre a prevención da violencia machista, organizada polo propio centro e dentro das actividades complementarias que son a todos os efectos curriculares, poden denunciar que teñan que aprender os nomes dos ríos (que es eso del Río Texo!) ou dos ósos e partes do corpo en galego (nocello, xeonllo...dónde vamos a parar!) ou que hai diferentes tipos de familias e que ser lesbiana ou homosexual, transexual ou bisexual son diferentes realidades que deben ser coñecidas e respectadas.

O PIN LINGÜÍSTICO CHEGOU ANTES

En Galiza tivemos unha boa mostra disto no ano 2009, cando se armou unha campaña que introduciu conceptos como o da “imposición del gallego” pola aplicación dun decreto que establecía, nada máis e nada menos, a igualdade entre o galego e o castelán na distribución das horas de docencia. Aquela campaña, á que se sumou o Partido Popular de Feijóo, foi un dos arietes usados para a campaña electoral que levou de volta ao PP á Xunta. O decreto mal chamado de plurilingüismo aprobado xa con Feijóo no poder, implicou a aplicación legal do negacionismo da igualdade do noso idioma, reducindo a súa presenza nas aulas, prohibíndoo en determinadas materias e pervertendo o uso de palabras como “liberdade” ou “libre elección”. A decisión non quedou nas mans das familias, como pretendía enmascarar Feijóo mais a norma quedou para cumprir o seu cometido: desmantelar o noso idioma.

QUE FACERMOS COMO PROFESORADO?

Como docentes non podemos baixar os brazos fronte á involución. Quérennos apáticos, disciplinadas, executantes. Non lles gustamos reflexivas, colaboradoras, en equipas. O profesorado debe responder ás campañas de odio e de medo coa defensa da nosa profesión; promover que os nosos centros sexan realmente coeducadores e participar en redes e experiencias colectivas contra a desigualdade de xénero ou a LGBT-fobia; debater, falar, dinamizar os nosos centros no camiño da igualdade; coñecer os nosos dereitos e defendelos e denunciar calquera actuación individual ou colectiva contraria aos principios da coeducación e a igualdade de xénero e de orientación sexual, veña de onde veña ●



Xeoclip é un proxecto didáctico en lingua galega para aprendizaxe da xeoloxía, paisaxe e contidos transversais da ESO relacionados coas materias STEM. A través de vídeos curtos e imaxes en 360 ° e usando un formato ameno e distendido alternanse os contidos, modelos e pequenas experiencias cun acompañamento visual. Na produción empréganse técnicas de croma e filmación no campo con cámara e imaxes aéreas de dron.

O Proxecto Xeoclip nace no ano 2017 e na actualidade está composto por cinco membros: Xacobo de Toro Cacharrón, Adela Otero Abrodos, Fernanda Moltó Roibal, Alberto Fortes Novoa e Rocío Romar Roel, que imparten docencia nas áreas de bioloxía e xeoloxía, educación plástica e visual, matemáticas, lingua galega e literatura e ciencias sociais en diferentes centros tanto do ámbito rural coma do urbano con características moi diferentes como o IES Fernando Wirtz da Coruña, IES Agra de Leborís da Laracha, IES de Pastoriza en Arteixo, IES Afonso X O Sabio en Cambre e IES Urbano Lugo de Malpica de Bergantiños. Esta diversidade en canto aos ámbitos profesionais permite abordar o proxecto desde a diversidade e a multidisciplinariedade dentro do marco curricular, por una banda, e atendendo ás necesidades do alumnado galego, pola outra, a quen se lle ofrece un material que, partindo do entorno e a realidade do seu país, lle facilite a apreensión de dinámicas globais e extrapolables a nivel planetario.



Outro pilar no que se sostén o proxecto é o uso da lingua galega en todos os seus materiais e a través do cal queremos demostrar que o noso idioma é perfectamente viable para comunicar ciencia, ao posuír unhas ferramentas e un vocabulario técnico rigoroso, o que nos afianza para soste que a cultura dun pobo, a ciencia e lingua propia poden ir da man no sistema educativo.

Así e todo, en todo o proxecto existe un compromiso coa accesibilidade. Por iso, estamos tentado que estean subtitulados en castelán, inglés ou outros idiomas como o francés ou o portugués, xa que temos constancia de que son visualizados en diversas comunidades do Estado Español ou incluso en lugares tan afastados como Iberoamérica ou Nova Zelandia. Actualmente tamén se están signando na lingua de signos española grazas á colaboración altruísta dun grupo de intérpretes liderado por José López Muíños, Cristina Sánchez del Valle e Nancy Bobillo García.

Os contidos xerados intégranse en unidades didácticas de licenza Creative Commons que constan de cadansúa programación, apuntamentos e exercicios de autoavaliación. Deste xeito o profesorado tamén ten a oportunidade de usalos libremente ou adaptalos ás necesidades específicas do seu alumnado.

Xeoclip desenvolveuse durante as licenzas de formación convocadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e continúa na actualidade coa produción de novos materiais realizados na súa totalidade polo profesorado participante →





experiencia educativa

XEOCLIP

cinco profesoras e profesores
de centros distintos
e de materias diferentes
en prol dun proxecto común



O PROXECTO

Xeoclip está artellado por unha serie de bloques temáticos:

BLOQUE 1: AS CIENCIAS DA TERRA

Vídeo leccións para aprender a xeoloxía de 3º e 4º ESO a través de máis de vinte vídeos curtos que explican a estrutura interna da terra, a tectónica de placas, os tipos de esforzos e a historia da Terra.

BLOQUE 2: A PAISAXE

Vídeo leccións de paisaxe: a paisaxe glaciar, cárstica e litoral que se completarán nun futuro próximo.

BLOQUE 3: GALICIA EN 360º

Secuencias panorámicas interactivas en 360º da paisaxe galega: Praia das Catedrais, enseada do Trece, Ría de Corme-Laxe, a paisaxe cárstica e glaciar do Courel.

Aportan visión inmersiva e ligazóns a información extra. Cada panorámica reproduce a súa paisaxe sonora co cal o concepto e a percepción da paisaxe superan o eido visual e fan que os receptores se integren nela.

Todos estes materiais están dispoñibles no Espazo Abalar da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e na lista de reprodución de YouTube chamada #XeoClip. Desde as descricións achégase un link para acceder ás versións interactivas.

CONCLUSIÓNS

XeoClip é xa un material de referencia na aula, pois conta coa aprobación de alumnado e profesorado como recurso académico, tal e como amosan as súas máis de 100 000 visitas.

A súa calidade foi referendada no 2018 no certame internacional Ciencia en acción co premio á mellor curta científica e no certame Youtubeiros 2019 na categoría de Vídeo-opinarnos ●



Cando boto a vista atrás despois de tantos anos pulando pola introdución do audiovisual nas aulas non podo evitar a vívida sensación de que “o esforzo inútil conduce a morna melancolía”. Lembro as miñas primeiras experiencias de cine e vídeo na escola no I.F.P. de Allariz en 1980. Arelabamos un cinema galego, unha televisión propia e un audiovisual integrado na cultura galega. Por suposto, o cinema sería unha materia curricular, non tiñamos dúbida que a esta altura non habería que xustificar nin reivindicar a súa relevancia pedagóxica. Do cinema na educación fálase xa dende o nacemento do espectáculo cinematográfico.¹ Na fin do século XX desenvolvéronse en Galicia moitas iniciativas neste eido, unha das máis destacadas na década dos 90 foi o agromar do relevante Congreso internacional de pedagogía de imaxe “Pé de imaxe”, ao abeiro de Nova Escola Galega e a Escola de Imaxe e Son. As nove edicións convertéronos en punta de lanza da reflexión sobre a teoría e a práctica da imaxe na escola a nivel internacional e lugar de encontro xeneroso de todas as experiencias galegas e non galegas.

Mais coa chegada da revolución dixital de comezos do XXI, o proceso tornárase confuso e disperso, cando a formación audiovisual fiquese abducida pola moda das aulas de informática integrándose no discurso das TIC, o veleno mortal da pedagogía audiovisual. Nas ofertas dos CFR's, nas listaxes de necesidades formativas do profesorado e mesmo nas Facultades de Maxisterio ou Pedagogía, a formación audiovisual ficou relegada a vivir nese pozo escuro de confusión chamado TIC e o desnortado programa -e gran negocio- Abalar. En definitiva, unha vella arela da renovación pedagóxica con máis de cen anos de historia respira agora baixo do paraguas conceptual das “novas tecnoloxías”. En realidade esta teima ubícase na cerna do discurso neoliberal polo que a escola debe contribuir á cualificación dixital

1 Sen movérmonos do estado español, en 1910, a revista Arte y Cinematografía, insistía que a «didáctica cinematográfica era unha materia que debería ensinárselle hai tempo nas escolas normais e que terían que “coñecer moi a fondo os mestres”».

CINEMA e ENSINO

as TIC: veleno mortal da pedagogía

da forza de traballo máis que á creatividade (que é innecesaria e mesmo perigosa). E así foi devalando o século XXI, a pesares de meritorias experiencias de francotiradores, nun tempo no que vivimos baixo dun sistema educativo do século XIX, cun profesorado do XX e un alumnado do século XXI. Hoxe, por primeira vez na historia, os estudantes naceron neste século, e xa son, todos, cineastas e fotógrafos. Son capaces de producir os seus propios textos visuais sen formación previa, o que sorprende aos pioneiros do cinema nas aulas. O que aínda definimos algúns como “novas tecnoloxías” para eles cónfórmanse como unha prolongación natural do seu entorno social, adoptando o universo dixital (internet, redes sociais, etc) sen complexo algún, formando xa parte intrínseca da súa vida persoal.

Non debería a escola aproveitar pedagogicamente esta nova circunstancia? Mais non é o mesmo a destreza en Excel, Impress ou as redes sociais que a aprendizaxe crítica da linguaxe audiovisual, nin deberían partillar o mesmo saco, a pesares da

sen creación non é posible a vella arela clásica de crear espectadores críticos



←
súa aparente complementariedade. Vivimos tempos de incerteza e confusión no que conviven profesores que seguen a reivindicar o discurso conservador que preconiza o retorno á disciplina escolar do franquismo: o profesor como Deus infalible e omnipotente e capaz de mellorar os PISAS; con outros "apocalípticos ilustrados" abandeirando o uso da pedagogía innovadora, mais demonizando os trebellos tecnolóxicos e a rede; e por último os avogados da introdución masiva de ordenadores nas aulas, onde instalar vellos contidos analóxicos nos "descerebrados" adolescentes. Todos teñen en común o totum revolutum no debate sobre a función das TICs na aula, considerando que a utilización masiva da rede pola rapazada está a producir efectos negativos e imprevisíbeis nas xeracións futuras; mais están a meter no paquete da denominada "cultura dixital" a necesaria pedagogía e formación audiovisual dos mestres e nomeadamente dos adolescentes de ensino médio.

Porque, cómo utilizar o audiovisual nas aulas? Ten sentido o cinema na escola nos tempos das mutiplataformas Youtube e Instagram? Ao mellor cabería repensar os usos do cinema e vídeo no ensino. Calquera docente podería elaborar a súa propia listaxe de fragmentos (5') de filmes para utilizar na clase, do mesmo xeito que produce os seus materiais en fotocopias. Tamén ser capaz de comentar e valorar os recursos expresivos e narrativos do cine, como fai habitualmente coa ortografía e a expresión escrita. E, por suposto, coñecer estilos narrativos alternativos ao modelo hexemónico do mainstream: un cinema que só reflicte o sistema industrial da marca Hollywood, tanto na forma narrativa como no sistema de produción. Lembremos que a pedagogía audiovisual precisa da creación para que sexa efectiva nun mundo asoballado pola entropía dixital. E quizais ser espectador crítico sexa mais doado a partires dunha rapazada que filma e fotografía compulsivamente todos os días. Só teríamos que poñer un pouco de vento nas velas para acadar a dirección correcta e mellorar os sistemas de navegación do profesorado. ●



Manolo González

Profesor de
Xeografía e Historia



vinte coa lingua

2001-2020 www.correlingua.gal

correlingua

Organizan:



A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Colaboran:

